



# PLAN DIXITAL

CEEPR Aspanaes-Duques de Lugo

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción


### 1.1. Datos básicos do centro

O Centro Privado de Educación Especial Duques de Lugo, pertence á Asociación ASPANAES

Este centro está concertado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Os nosos alumnos/as poden ter unha escolarización total neste centro ou unha escolarización combinada con colexios ordinarios.

Escolarízanse 49 alumnos que manifestan necesidades educativas especiais asociadas a condicións de discapacidade permanente (Trastornos de Espectro Autista), que non poden ser atendidos convenientemente nun centro ordinario, polo que é aconsellable a súa escolarización no noso centro específico (segundo o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2001, do 3 de maio, de educación).

A maior parte dos nosos alumnos (32 alumnos), debido as súas características, capacidades, intereses e motivacións, están escolarizados en modalidade combinada acudindo algúns días á semana ao noso centro e os restantes ao centro ordinario que lles corresponde.



Centro situado no municipio de Santiago de Compostela, concretamente no barrio de "Lamas de Abade", na Rúa de Raiola nº 6. Este barrio acolle a unha poboación maioritariamente educativa, pois ao lado do noso centro atopamos unha escola infantil

e un IES; próximo ao centro están situados outros dous centros educativos, un CEIP e outro centro de FP. Hai tamén varios grupos de vivendas, e algunha industria, así como un campo de fútbol, pero o que destaca é claramente a zona escolar. Este Barrio, esta situado preto do Centro da cidade, aínda así para desprazarse ata nós é recomendable vir en coche. Os transportes públicos déixanos a 500 metros (salvo os transporte específicos para estudantes de cada Centro)

O CEEPR Duques de Lugo, é un edificio feito no 1996, dotado de 8 aulas de atención tutorial, dúas salas de logopedia, 2 salas de sesións individuais de autonomía, cociña, comedor, varias salas de baño, e distintas dependencias de uso común. Os locais teñen todos iluminación natural, e todo dominado por un gran corredor central tamén con luz dende o teito. O edificio esta ubicado dentro dunha parcela que na súa parte dianteira (sur) hai un espazo verde con arbores e xardín. Este é o acceso principal do colexio. Nun lateral atópase o parque que dispón de tobogán, columpios e zonas de area para xogos. Tamén neste lateral hai un patio cuberto para xogos e actividades cando o tempo así o condiciona

Os alumnos escolarizados no CEEPR Aspanaes-Duques de Lugo, son nenos de entre 3 e 21 anos con diagnósticos que se poden encadrar nos TEA.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro: O Centro de Educación Especial Duques de Lugo é un centro educativo que ofrece escolarización e atende ás necesidades de nenos con Trastornos do Espectro Autista (TEA), dependen da asociación ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con TEA da provincia de A Coruña), e á súa vez, tamén depende economicamente polo seu carácter de colexio concertado da Administración Autonómica. A situación do contorno do Centro, polo seu marcado carácter Educativo, non ten unha definición clara, pois recibe alumnado de diferentes grupos culturais, económicos, relixiosos, ... o cal non é condicionante para unha boa convivencia, tanto dentro dos Centros, como, relación entre os distintos claustros. O alumnado que asiste, é tamén de distintas procedencias xeográficas, no noso caso concreto por ser o único Centro para alumnos con TEA nun radio de 25 km. Tamén polas características de Santiago como capital de Galicia, fai que moita xente traballe nesta cidade e os seus fillos se escolaricen en estes Centros. Todo elo conleva a unha orixe do alumnado multicultural, e de poboacións diversas.
- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa: o Plan Dixital, ven a insértase na tendencia de incorporación das novas tecnoloxías que se poñen en valor co bo resultado que para moitas persoas con Tea ten como ferramenta de comunicación. A dificultade radica nas limitacións que a propia administración pon á hora de facilitar os centros concertados o acceso a plataformas e programas de uso cotiá e maioritario en educación. Confiamos que a implementación destes plans no sistema educativo solucione esta dificultade.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23. Na PXA do vindeiro curso aparecerá a posta en marcha dos obxectivos do plan, de cara a axeitada utilización do mesmo. Darémonos o marxe do curso 22/23 para axeitar e conseguir as ferramentas tecnolóxicas imprescindibles para o seu desenvolvemento. Comunicánnos dende a Consellería de educación que as plataformas as que non temos acceso, exigen unha adecuación tanto de funcionamento como normativo para poder dar acceso a centros concertados pero están estudiando como resolvelo.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

#### contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten. A resolución do 3 de setembro de 2021 ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1.4. Proceso de elaboración

Ao longo do presente curso 2021-2022, creamos un grupo de traballo no que se implica o claustro de mestres do centro o completo. En colaboración co Cafi de Santiago vanse elaborando os documentos requiridos, así como participando nas formacións que se facilitan ata chegar a presente elaboración do plan.

Os pasos que se seguen son os que nos van recomendando nas distintas fase:

- Realizamos a análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente (test CDD).
- traballamos sobre as conclusións do informe SELFIE e a información aportada polo test CDD.
- Momento clave para a elaboración do plan é dende o traballo previo, detectar Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que determina os obxectivos a traballar nesta liña. Os obxectivos que xorden son de imprescindible consecución si queremos que este plan sexa realista de utilidade práctica para a comunidade educativa.
- Actualmente (xuño 2022) estamos a elaborar o Plan propiamente dito, como colofón a todo o traballo previo descrito, para poder presentalo no consello escolar, xunto ca memoria do curso.
- O curso 2022-2023, trataremos de que se dean as circunstancias que indican os obxectivos que determinarán poder traballar con un verdadeiro plan dixital de centro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) constitúen unha alteración persistente de varias áreas do desenvolvemento. As persoas con estes trastornos manifestan, con diferentes necesidades de apoio, dificultades no desenvolvemento da comunicación social e interacción social (déficits en reciprocidade socio-emocional; déficits en condutas comunicativas non verbais usadas na interacción social; déficits para desenvolver, manter e comprender relacións), así como presentan patróns repetitivos e restrinxidos de condutas, actividades e intereses (movementos motores, uso de obxectos ou fala estereotipada e repetitiva; adherencia inflexible a rutinas ou patróns de comportamento verbal e non verbal ritualizado; intereses altamente restrinxidos, obsesivos, hiper ou hipo-reatividade sensorial ou interese inusuais en aspectos sensoriais do entorno). Esta hiper ou hiposensibilidade cara determinados estímulos sensoriais (táctiles, auditivos, visuais), explica as resistencias que presentan en relación con actividades concretas (cortado de pelo ou unllas, inxesta de determinados alimentos, contacto con determinadas texturas, etc.). Outras características comúns asociadas aos TEA, aínda que non específicas deles inclúen: trastornos da linguaxe, discapacidade cognitiva, ansiedade, hiperactividade, déficit de atención, trastornos do sono e da alimentación, trastornos gastrointestinais e problemas de conduta.

As necesidades de apoio nestas características e a expresión das mesmas pode variar moito de unha a outra persoa e tamén na mesma, dependendo da etapa do desenvolvemento na que se atope. Por iso, en cada momento, a intervención é adaptada as necesidades de cada alumno.

No centro como dotación en novas tecnoloxías dispoñemos de fibra de alta velocidade, con cable ata despacho principal do centro, e distintos putos estratéxicos do edificio que reparten a sinal de wifi. Dispónse dos seguintes dispositivos:

- Pizarra dixital
- Un ordenador de sobremesa en un portátil en cada unha das 8 aulas, con conexión por wifi a internet.
- Un ordenador en cada unha das 2 aulas de AL, con conexión por wifi a internet.
- Dous ordenadores no despacho (dirección e orientación) con conexión por cable fibra a internet.
- Unha multifunción laser color no despacho.
- Unha multifunción laser color no corredor principal (fax, escaner, impresora e fotocopiadora).
- 20 tablets con sistema operativo android, itinerantes polas aulas.
- Dous teclado adaptados itinerantes.

Como ferramentas, utilizamos as que ofrece o mercado, maioritariamente de maneira gratuíta, salvo ferramentas de edición, antivirus e programa de xestión e administración que neste caso é MN. Das plataformas que dispón a consellería de educación, poucas están abertas o noso uso, sobre todo aquelas de intervención e participación do alumnado é familias que nos está de momento vetada para centros concertados.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Educación especial (de infantil ata secundaria obrigatoria)
A -Liderado	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3
	Alumnado	No aplica
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.8
	Alumnado	No aplica
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	--
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	3
	Alumnado	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	--
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.7
	Alumnado	--
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3.2
	Alumnado	--
H- Competencias dixitais	Equipo Direct.	2.7

do alumnado	Profesorado	3
	Alumnado	

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>9</u>	<u>9</u>	<u>100 %</u>
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>			
<b>SUBSTITUTO</b>			
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75	<u>Integrador/a (B1)</u>	76.4	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Edu especial</b>	<u>75</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	72.2	<u>Integrador (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	11.1%
<b>A2</b>	3	33.3%
<b>B1</b>	3	33.3%
<b>B2</b>	2	22.2%
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	9	99.9%



### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispoñibilidade de fibra e equipos individuais informáticos	Dotación escasa en novas tecnoloxías, así como restricións por parte da administración de acceso a distintas plataformas educativas para centros concertados. Equipos do centro moi antigos
	PERSOAL DOCENTE	Profesionais implicados e con ganas de aprender	formación escasa en novas tecnoloxías e escasa dispoñibilidade horaria para adicar. Limitación de acceso a plataformas utilizadas en educación que deixan a outras que si se usan moi limitadas
	PERSOAL NON DOCENTE	Implicación e sensibilidade do persoal do centro	Formación, escaseza de tempo de dedicación e ferramentas escasas.
	ALUMNADO	Interés por aparatos informáticos, e recurso moi útil para persoas con Tea. Dispoñibilidade de equipos informáticos (ordenadores, tablets e teléfonos) con utilización coma comunicadores e ocio	Dificultades de comprensión, e utilización moi restrinxida de ferramentas dixitais.
	FAMILIAS	Implicación das familias e necesidade de ferramentas útiles e prácticas	Formación escasa en novas tecnoloxías en moitas ocasións e ferramentas non axeitadas as necesidades. A consellería facilita ferramentas como Aula virtual, que logo non pon a disposición de centros concertados coma o noso. Infraestruturas limitadas ou deficientes, e recursos tecnolóxicos limitados
	OFERTA	Sector de novas tecnoloxías en pleno crecemento e expansión, o que fai que haxa unha oferta variada no mercado. Dispoñibilidade de formación en Tics.	Para centros concertados vese mermada a oferta de "programas" oficiais, o cal sumado a alumnos con unha discapacidade intelectual que lle dificulta ou restrinxe o acceso á meirande parte dos contidos oficiais, fai que as novas tecnoloxías referidas o ensino, sobre todo valéndose de ferramentas postas a dispor pola administración, se vexa moi limitado.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A organización do centro traballa en prol do uso de ferramentas dixitais, tratando de facilitar os soportes necesarios así como acceso a distintas plataformas que sexan de utilidade para o noso colectivo. Equipo de traballo comprometido e unificado	Dende o centro púxese en coñecemento da administración as restricións que as plataformas tipo aula virtual e outras, teñen para centros concertados, o que fai imposible un bo uso das mesmas, xa que moitas das ferramentas actuais de distintas aplicacións están interrelacionadas ente si, para transferir ou capturar datos comúns, pero o ter limitado ou sen acceso parte delas perde a maioría da súa operatividade. Escaseza de formación ca especialización en TEA.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	poder de decidir en unha ampla oferta do mercado ferramentas de novas tecnoloxías axeitadas a cada momento e circunstancia. Disponibilidade económica. Persoal dos centros implicados en traballar con ferramentas que resulten de utilidade para o alumnado	burocratizar en exceso a utilización de ferramentas dixitais e restrinxir acceso as mesmas á educación concertada. Non coñecer a realidade nin as necesidades concretas de alumnado con dificultades, non asesorándose cos profesionais e non aportando por elo ferramentas axeitadas.
	LEXISLACIÓN	capacidade para dende a lexislación facilitar o acceso a novas tecnoloxías o sistema educativo. Oportunidade para unificar e simplificar lexislación de aplicación en educación.	exceso de lexislación, lexislación que cambia cando menos con cada cambio de goberno, pouca cercanía ca realidade dos centros educativos e moi limitante polo risco da protección de datos. Lexislación que limita os centros concertados
	CONTORNA	colaboración en sintonía cos centros. Expectativas altas pola aportación que as novas tecnoloxías poden facer por alumnos con TEA	ferramentas non sempre accesibles pola súa complexidade, por a pouca adaptación o alumnado o que se destinan e en moitas ocasión con unha fronteira económica.
	ANPA	A contorna do noso centro facilita a utilización de ferramentas dixitais, xa que os veciños do edificio son centros educativos de infantil, primaria, secundaria e formación profesional.	Aínda que é unha contorna favorecedora para calquera iniciativa de innovación, as limitacións de cara os centros concertados, a falta de recursos tanto persoais como de ferramentas, limita esta dinámica a actividades presenciais colaborativas, eventos...
	OUTRAS ENTIDADES	A administración xunto con outras entidades do sector tipo fundacións, asociacións..., están a investigar e desenvolver novos proxectos relacionados cas novas tecnoloxías que aporten optimización do recurso, funcionalidade...	Dado que o nos alumnado son persoas con Tea, a aparición de ferramentas innovadoras, poucas veces se adaptan os nosos alumnos, xa que poboacionalmente son unha minoría e as creacións tecnolóxicas soen ir na línea de orientalas a maior parte da poboación.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Iniciamos este proxecto de cara a implementación de un plan de acción propio para o centro con unha análise do punto de partida do mesmo, tal e como nos indican dende o centro de formación, detectando debilidades e ameazas, así como as fortalezas e oportunidades que o plan pode aportar. Unha vez se valora todo o descrito atopamos que as maiores dificultades radican no acceso a plataformas que os colexios públicos dispoñen, así como dotación de recursos materiais e formativos. Dende ese prima plantexamos obxectivos que solventen esa situación na maneira do posible xa que sen uns recursos mínimos non ten sentido dar máis pasos en esta liña. O obxectivo final desta fase de implantación do plan é que o mesmo sexa operativo, ca dotación axeitada e cas ferramentas accesibles, sobre todo aquelas que se axeiten para persoas con TEA

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En este punto radica o posible éxito ou fracaso deste plan, dado que definimos uns mínimos de equipamento que pasa por dotar de equipos de sobremesa máis actualizados, unha fibra que alcance por cable máis estancias de centro e de estabilidade as conexións, dotar a algunhas familias de ferramentas e formación básica, facilitar acceso as distintas plataformas das que dispón a consellería de educación, e formación sobre as mesmas para todos os profesionais implicados.

A partir de dispor das ferramentas descritas, poderemos formular novos obxectivos de utilización e participación destes recursos coñecendo a potencialidade de cada un, sabendo que na actualidade xa non se entenden as comunicacións, o aprendizaxe, o ocio, etc... sen ferramentas de novas tecnoloxías.

## Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO (1):	Dispor no centro de aula virtual				Acadado	
RESPONSABLE:	Titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Ter a disposición do centro aula virtual propia e ferramentas vinculadas					
Valor de partida (3)	Ferramentas básicas (correo electrónico, videoconferencia, espazo na nube compartido)					
Valor previsto e data (4)	Aula virtual en ferramentas de comunicación cas familias en funcionamento			Xaneiro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Solicitar autorización a consellería</b>	Equipo directivo do centro	setembro 2022	Correo electrónico	imprescindible	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Formar o profesorado no uso</b>	Titular do centro e Cefore	Marzo 2023	Ordenadores e fibra	Precisamos o 100 %	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.3: Facilitar as familias e alumnado o recurso</b>	Titores	Setembro 2023	Equipos informáticos	Mínimo 30% das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”:						
<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	Dotar ó centro do equipamento necesario				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Comunidade educativa				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Dispor no centro do equipamento necesario para por en funcionamento un plan dixital do centro					
<b>Valor de partida (3)</b>	Equipos individuais bastante anticuados					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Equipos informáticos e periféricos necesarios acordes o novo plan dixital			Xaneiro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Solicitar a entidade equipamento</b>	Equipo directivo do centro	setembro 2022	Correo electrónico	imprescindible	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: instalar o equipamento no centro de xeito óptimo</b>	Dirección e titores	Xaneiro 2023	Técnicos informáticos	imprescindible	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.3: adaptar rede wifi a cable para un óptimo funcionamento</b>	Aspanaes	Xaneiro 2023	Instaladores	50€ dos espazos mínimo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

<b>“Área/s de mellora”:</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Solicitar á administración implicación en recursos dixitais adaptados a persoas con TEA				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Comunidade educativa				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Dispor de ferramentas adaptadas a persoas con TEA para a implementación do plan dixital do centro					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ferramentas tecnoloxías ordinarias e non sempre a dispor do ensino concertado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Novas ferramentas de traballo dixitais adaptadas as características de persoas con TEA			xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Solicitar a entidade implicación neste obxectivo e que inste á administración pública o seu desenvolvemento</b>	Equipo directivo do centro	setembro 2022	Correo electrónico	imprescindible	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Facilitar colaboración no desenvolvemento de novas ferramentas</b>	Titores, departamento de orientación e de comunicación	Xaneiro 2023	Coñecemento específico de TEA	imprescindible	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Capacitar o alumnado no manexo de ferramentas</b>	Equipo educativo	abril 2023	Equipos informáticos de novo software.	20% de alumnos manexando	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento



## 4. Avaliación do plan

Atendendo a cada un dos obxectivos planificados relacionados co equipamento e funcionamento, o grado de consecución determinará o uso que do mesmo se poida facer. Avaliaremos entón en que medida a dotación se adecúa as necesidades do centro, para un bo aproveitamento das novas tecnoloxías, no sentido de abrir unha canle de participación a toda a comunidade educativa implicada no proceso de ensinanza/aprendizaxe do noso alumnado

## 5. Difusión do plan

Este plan pretendemos que sexa unha ferramenta viva, que segundo se cubran os requisitos mínimos para a súa posta en funcionamento, vaíamos incorporando obxectivos máis complexos e de participación.

Para o coñecemento do mesmo e das futuras modificacións, visarase o mesmo polo consello escolar, incorporándoo logo ó propio proxecto educativo do centro. Farase extensivo a anpa do centro ata chegar cada familia, para de este modo facelos partícipes das ferramentas que tratamos de por en funcionamento, para logo facilitar interaccións entre profesionais, alumnos e familias, poder ter información máis inmediata así como recursos educativos compartidos.